

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 19 DE XUÑO DE 2018

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Domínguez López, Ángel

Estudantes

Alejandro Ojea, Mónica

Galiña Lorenzo, Juan Manuel

Núñez Remacho, Virginia

Rodríguez Álvarez, Lucía

Alumnado 3º ciclo

Souto Castro, Iria

Desculpan a súa ausencia:

PDI

Castro Pérez Ladislao

López Díaz, María

PDI contratado

Presedo Garazo, Antonio

PAS

Rodríguez Bouzas Josefa

Na sala de profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade que figuran á marxe, o martes 19 de xuño de 2018, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 6 de abril de 2018.

2.- Informe da presidenta.

3.- Aprobación, se procede, da modificación da PDA do curso 2018 – 2019.

4.- Aprobación, se procede do plan de promoción do centro para o curso 2018 – 2019.

5.- Aprobación, se procede da prórroga ou cambio do Plan de Acción Titorial.

6.- Aprobación, se procede, das alegacións e plan de melloras ao informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

7.- Aprobación, se procede, do calendario académico da Facultade de Historia para o curso 2018 – 2019.

8.- Aprobación, se procede dos horarios para o curso 2018 – 2019.

9.- Aprobación, se procede, do calendario de exames para o curso 2018 – 2019.

10.- Asuntos de trámite.

11.- Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura dos nomes dos membros da Xunta de Facultade que xustifican a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 6 de abril de 2018.

Apróbase por asentimento.

2.- Informe da presidenta.

Informa de que se celebraron as I Olimpíada de Historia e que o resultado foi satisfactorio. Espertou moito interese, en concreto participaron vinte e oito centros. Recoñece que hai que corrixir algúns aspectos. Desde o seu punto de vista, os obxectivos cumpríronse, por unha banda é unha forma de reivindicar a importancia das Humanidades e por outra dar visibilidade á Facultade.

Segue en marcha a organización do III Congreso Internacional da Auga. Quedaron aproximadamente oitenta comunicacións avaliadas polo comité científico o que obrigou deseñar xornadas en paralelo. A nivel económico solicitáronse a través do grupo de investigación GEAT 3.000 euros, que foron concedidos pola Vicerreitoría de Investigación e haberá outros 5.000 euros da Vicerreitoría do Campus de Ourense. Mantéñense tamén conversas co Concello e coa Deputación de Ourense. Con este elevado número de comunicacións prevese un elevado número de matrícula, que será outro tipo de ingreso.

O congreso vaise considerar como a actividade do centro para o vindeiro curso, elo non implica que o alumnado teña a obriga de matricularse, debido a que supón un gasto económico. O alumnado que non se matricule poderá asistir como oínte.

En relación á campaña de promoción do grao en Xeografía e Historia, renováronse algunhas personaxes, como Velázquez e Hipatia de Alexandría, e mantívose a de Amstrong. Empezou xa a campaña na radio, e xa lle fixeron algunha entrevista, en concreto na Radio Galega. Estanse tamén repartindo folletos e carteis nas provincias de Ourense e Pontevedra.

Informa de que xa saíu publicada a praza no DOGA do CSIC do Prof. Francisco Pérez Rodríguez, tendo agora aproximadamente o prazo dun mes para tomar posesión. Desexa que conste en acta o seu agradecemento á súa persoa tanto como docente, como xestor, e como compañeiro. Todo isto enlaza con outro tema tamén moi preocupante que é a plantilla do profesorado fixo da facultade. Nun ano haberá, polo menos, dúas xubilacións a dos profesores Jesús de Juana e Carlos Sixirei e pode que tamén a do Prof.

Alberto Valín. Dentro do baixo porcentaxe de profesorado actual, a ausencia de tres persoas máis é un tema que hai que tentar solucionar.

A Prof^a. Beatriz Vaquero indica que o Prof. Francisco Pérez ten dereito a un tempo de excedencia e durante ese período entrará unha lista de agarda. No caso dos profesores Jesús de Juana, Carlos Sixirei e Alberto Valín supón que sairán as prazas xa directamente.

A decana explica que vai solicitar unha entrevista con recén nomeado vicerreitor de profesorado para que expor esta situación e solicitar unha solución. É imposible manter un centro con estas características, aspecto que inflúe directamente nas posibilidades de asumir e desenvolver cargos de xestión. O centro necesita que entre xente nova con enerxía e con ganas de desempeñar a súa labor e ocupar cargos académicos. Non é posible que se continúe a cubrir estas prazas con profesorado Asociado e tampouco se poden perder prazas fixas. Desexa coñecer as previsións que existen por parte da Reitoría para esta situación que se vai dar nun breve período de tempo. En dez anos perdéronse moitas prazas fixas na facultade.

En relación ao diñeiro asignado ao profesorado, hai cambios importantes na xestión administrativa. Seguindo as indicacións, deuse de alta a unha persoa por área. Procede a dar lectura das persoas que están dadas de alta nestes momentos. Asignáronse os 3.000 € por créditos á docencia que repartiuse entre as áreas, e dentro delas está especificado canto lle corresponde a cada docente, se algunha área quere que se dea de alta a alguén a maiores pódese solicitar.

A Prof^a. Beatriz Vaquero aclara que para a área de Medieval dado que vai entrar unha persoa pola lista de agarda sería convinte que polo menos ese primeiro ano quede ela dada de alta.

A decana indica que se mandará por correo electrónico o cálculo que se fixo igual que se fai todos os anos, en función do número de créditos impartido. Informa que o novo provedor de material de oficina é a empresa Dismac. A Prof^a Elena de Uña pregunta en que se pode gastar, e a decana responde que en material funxible aclarando que se alguén ten algunha necesidade de material inventariable que o solicite ao decanato; tamén aconsella ir gastando e procurar non deixar todas as compras para o final.

Informa a decana que ao decanato chegaron dúas reclamacións. Por unha banda, a realizada por un grupo de estudantes de primeiro que ten relación cos beneficios que daba o Prof. Fermín Pérez pola realización de visitas de estudos, sin que esta circunstancia figurara na Guía Docente. Tratouse o problema en Comisión de Calidade e a incidencia xa está resolta. Pregunta o

Prof. Fermín Pérez se é mellor pasar a resposta por rexistro. A decana considera máis axeitado que dado que a reclamación entrou por rexistro que para a resposta tamén se utilice a mesma vía.

A segunda reclamación está relacionada co alumnado semipresencial. Por unha banda, falan dun tema que é obxectivo e que se refire ás guías docentes e ao tema de que haxa actividades alternativas para as persoas que non poidan asistir ás planificadas durante o curso académico. Tamén argumentan que hai máis carga de traballo para o alumnado semipresencial en comparación cos presenciais. E por último, refírense ao tema da gravación. Eles argumentan que lles resulta moi útil que as clases estean gravadas e subidas á plataforma. A decana, se ven entende esta demanda, entende tamén a postura daquel profesorado que non lle apetece realizar esa gravación.

A Prof^a. Beatriz Vaquero propón que debería ser obrigatorio entrar na aula E-Meeting e gravar certas pímulas, como corrección de exercicios, pequenas introducións aos temas ou outros tutoriais. Lévanse xa catro anos con esta modalidade e é preciso evoluionar. Este curso ten que haber un acordo de que todo mundo ten que asumir que vai gravar algo, non só podemos depender do voluntarismo

A Prof^a Beatriz Comendador comenta que non desexa gravar por dúas razóns, por un lado a docencia semipresencial é outro concepto da presencial, e por outro, non se compren os requisitos de unha docencia semipresencial gravando unha clase presencial. A segunda é porque a gravación condiciona a clase presencial e a ela non lle interesa gravar o que ocorre na súa clase. Cuestión aparte é gravar unha pímla con metodoloxía propia da docencia semipresencial.

As profesoras Beatriz Vaquero e Susana Reboreda coinciden en que hai que dar un paso máis en relación á docencia semipresencial que hai que coidala porque está dando moi bos resultados.

O alumno Juan Manuel Galliña explica que os semipresenciais acudiron á delegación de alumnado para queixarse de que chegaron a dous exames e non tiñan coñecemento da materia que ía entrar. A Prof^a. Beatriz Vaquero resposta que cando pase iso primeiro deberían falar co docente ou co coordinador da materia e por último con ela como coordinadora do título. O alumno Juan Manuel Galliña explica que o problema produciuse a raíz da baixa do Prof. Alberto Valín, porque había unha materia que impartiron tres profesores diferentes.

A decana explica que nin a delegación, nin o estudantado, ten que asumir a responsabilidade de comunicar os cambios nas materias aos semipresenciais,

e insiste que cando haxa que cubrir unha baixa hai que explicar aos que se incorporen que hai alumnado semipresencial e que é fundamental que estean informados do mesmo xeito que os presenciais.

A Prof^a. Elena de Uña, intervén para explicar que a presencialidade e a semipresencialidade son modelos distintos de ensinar e de aprender.

A decana Susana Reboreda explica que os presenciais tamén se benefician da presencialidade porque esta modalidade obriga a ter todo o material subido á plataforma Faitic, podendo incluso acceder ás clases que están gravadas se algún día non poden asistir a clase.

O alumno Juan M. Galiña explica tamén que outras das queixas que recibiu era que nas guías docentes se lles indica demasiada bibliografía e que se perden, polo que solicitan que sexa máis precisa, delimitando o número de manuais a ler.

A Prof^a. Beatriz Vaquero recomenda gravar un tutorial de aproximadamente dez minutos para que o alumnado semipresencial se oriente. Explica que os apuntamentos na semipresencialidade non existen como tales e que ningún profesor ten porqué escribir un manual porque para iso están os publicados.

Interveñen as profesoras Beatriz Comendador, Beatriz Vaquero, Elena de Uña, e Susana Reboreda para dar distintas ideas relativas aos distintos programas que poidan permitir gravacións.

A Prof^a. Beatriz Vaquero indica que cando se fagan as guías docentes poderase xa avanzar un pouco máis neste tema.

3.- Aprobación, se procede, da modificación da PDA do curso 2018 – 2019.

Trátase dunha modificación sobre a PDA aprobada que afectaba a materia impartida polo Prof. Ledo, porque cando na anterior figuraba como adscrito ao departamento de Historia, Arte e Xeografía. Xa está cambiado, pero é precisa a aprobación desta xunta.

Apróbase por asentimento.

4.- Aprobación, se procede do plan de promoción do centro para o curso 2018 – 2019.

Como novidade no plan que enviouse cos convoatoria e que avaliose na Comisión de Calidade, realizouse un balanço da operatividade do plan de promoción anterior, e engadíronse os informes que mandaron as empresas. Así mesmo renovouse o proxecto do plan do próximo curso, quitándose os aspectos que non foron produtivos e engadindo os novos.

Apróbase por asentimento.

5.- Aprobación, se procede da prórroga ou cambio do Plan de Acción Titorial.

A decana lembra que este documento xa tivo variacións no curso pasado que simplificaron o proceso. Entro outros aspectos contemplábase que cada curso fora titorizado por un/ha titor/a. Unha vez solicitada a colaboración do profesorado, o único que cambia con respecto ao curso pasado é a titorización de 4º curso. Quedando do xeito seguinte: 1º curso: Ladislao Castro. 2º curso: Antonio Presedo. 3º curso: Susana Reboreda. 4º curso: María López.

Apróbase por asentimento.

6.- Aprobación, se procede, das alegacións e plan de melloras ao informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

O informe emitido pola Comisión Avaliadora foi relativamente positivo, acadouse “ B ” en todos os ítems. A decana opina que hai determinados criterios nos que non existen detectados puntos febles, nin recomendacións de mellora, polo que vaise solicitar que sexa avaliados cun “ A ”. Estas alegacións foron supervisadas e completadas pola Área de Calidade da UVigo e debatidas e validadas na Comisión de Calidade.

Apróbase por asentimento.

7.- Aprobación, se procede, do calendario académico da Facultade de Historia para o curso 2018 – 2019.

Apróbase por asentimento.

8.- Aprobación, se procede dos horarios para o curso 2018 – 2019.

Os horarios que se presentan para a súa aprobación foron pactados previamente co profesorado implicado, tendo en conta as necesidades do alumnado e a coherencia. Tamén inclúen as actividades fóra da aula. Todos os membros desta xunta dispuñan con anterioridade a esta xuntanza o documento por se desexan facer ao respecto algunha proposta.

Tras comprobar a viabilidade das actividades fóra das aulas. apróbase por asentimento.



9.- Aprobación, se procede, do calendario de exames para o curso 2018 – 2019.

Neste punto sucede o mesmo que no anterior en relación ao proceso de elaboración. Apróbase por asentimento.

10.- Asuntos de trámite.

Non se presentan

11.- Rolda de intervencións.

Non hai intervencións.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.00 h do día 19 de xuño de 2018, da que eu como secretaria , dou fe co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba